

Sombra de Lugo

Retallos de Pimentel

 XOSÉ RAMÓN PENA

Se ben que sexa con demora no tempo, finalmente chega até estas páxinas *Unha cidade e un poeta* (Lugo e Luís Pimentel): un volume que publica a Deputación de Lugo, dentro da colección “Literatura”, e do cal vén ser autora a catedrática da Universidade de Santiago de Compostela, Araceli Herrero Figueroa. A profesora Herrero é alguén, polo demais, dona dunha extensa obra tanto en forma de numerosos artigos e colaboracións en revistas e/ou publicacións de carácter colectivo como aínda en volumes individuais que son mostra, entre outros, os titulados *Luis Pimentel. Obra inédita o no recompilada* (1981) ou *Estudios sobre Emilia Pardo Bazán e recompilación de dispersos* (2004). O texto do libro que agora recensionamos remite á lección maxistral pronunciada o 29 de xaneiro de 2007 na Escola de Formación do Profesorado de Lugo.

Especialista que é na obra do autor de *Sombra do aire na herba*, Araceli Herrero inicia o seu per-



corrido en *Unha cidade e un poeta* facendo referencia a un conxunto de datos de carácter bio-biliográfico acerca de Pimentel: lecturas, cronoloxía da creación pimenteliana, a rela-

ción con Ramón Piñeiro, a súa proxeción inmediata nas letras galegas –tal é o caso, por exemplo, da homenaxe que lle dedicou, en 1960, o grupo “Brais Pinto”–, etc.

Decontado, a profesora Herrero define a Pimentel como “un poeta hispánico”, subliñando o seu carácter de autor bilingüe sen que iso implique “ese uso creador en dúas linguas que, inxenuamente, se pretende poder analizar”, toda vez que Pimentel tivo como lingua de creación o castelán: algo que, na opinión da nosa autora, non impide a súa

inclusión dentro da literatura galega; isto é, da literatura escrita en idioma galego, un posicionamento no que quixo figurar, polo demais, o propio poeta de *Triscos*.

“Luís Pimentel, médico e poeta”; “Un poeta urbano, amante do vivir cidadán”; “Un lugués preocupado polo ambiente cultural”; “Luís Pimentel en diálogo interartístico”; “Unha cidade para un poeta” e “Un máxico da palabra e un home esencialmente bo” son os títulos do resto dos capítulos que conforman o volume. O carácter sensible, fornecido dun gran sentimento de solidariedade coa traxedia humana á beira do namoro polo engado das “horas buenas” son dous aspectos fundamentais no devir persoal e lírico de Pimentel e que a profesora Herrero diseña con especial atención ao longo das páxinas do seu traballo: un volume de singular interese para os especialistas en literatura galega, pero tamén para todos os amantes da poesía que sempre permanece.

HERRERO FIGUEROA, Araceli, *Unha cidade e un poeta* (Lugo e Luís Pimentel), Dep. de Lugo, 2007, 99 páxinas.